**ORDENANZA NÚM. 5**

# ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril reguladora das Base de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a Taxa por licenzas urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana,Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que haxan de realizarse no término municipal, axustándose ás normas urbanísticas, de edificación e policía , previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa Urbanística deste Concello.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou, no seu caso, arrendatarios dos inmóbeis nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.-En todo caso, terán a condición de substitutos dos contribuíntes os construtores e contratistas das obras.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral,nos supostos e có alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-BASE IMPOÑIBLE**

1.-Constitue a base impoñible da Taxa:

a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de carro, obras de nova planta e modificación de estructuras ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobor Bens Inmóbeis, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.

d) A superficie dos carteis de Propaganda colocados de forma visible dende a via pública.

2.-Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

**Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta Taxa será a que figure no anexo a esta Ordenanza.

**Artigo 7º.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**
Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa que non veña establecida en Tratados e Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

**Artigo 8º.-DEVENGO**
1.-Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.
2.-Cando as obras se inicien ou executen sen haber obtido a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determiñar se a obra en cuestión é ou non autorizable con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.
3.-A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

**Artigo 9º.-DECLARACIÓN**
1.-As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras, presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga consta-lo importe estimado da obra, medicións e destiño do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D. 69/89, de 31 de Marzo da Xunta de Galicia.
2.-Cando se trate de licenza para aqueles actos en que non sexa esixible a formulaciónk de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizara, con descrición detallada da superficie afectada, numero de departamentos, materiais a empreñar, e en xeral, das características da obra ou acto cuios datos permitan comprobar o custo daqueles.
3.-Se logo de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos , memorias, ect…da modificación ou ampliación.

**Artigo 10º.-LIQUIDACIÓN E INGRESO**
1.-Liquidarase e esixirase o importe da Taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Nembargantes, poderase esixi-lo importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude de obra, na calidade de depósito previo.
2.-A Administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e a vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.
3.-No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique , unha vez concedida a licenza, sobre a base impoñible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre  Bens Inmóbeis non teña este carácter.

4.-As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo sustituto do contribuinte para o seu ingreso nas Arcas Municipais, utilizando os medios de pago e os plazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

**Artigo 11º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas lle corresponda en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**PRIMEIRA.-** As licenzas urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses , se non se inician as obras, e se antes de que decorran dous anos dende a súa concesión non se rematan as mesmas.

**SEGUNDA.-** A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcción.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuia redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión levada a cabo na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo dia da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do dia 1 de Xaneiro e 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

***CADRO DE TARIFAS***

a) O 1% do custo real das obras, cando as mesmas se realicen mediante proxecto técnico redactado por facultativo.
b) O 2% do custo real das obras, cando as mesmas se realicen sen proxecto técnico redactado por facultativo.
c)

**APROBACIÓN**

A presente Ordenanza, xunto co Anexo, foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o dia 29 de setembro de 1989, e publicada no B.O.P. do 27 de Decembro do 1989.

A modificación do punto 3 do artigo 8 da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2009 en entrará en vigor o día que se publique a modificación no “Boletín Oficial” da provincia e comenzará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN NO B.O.P. NÚM. 60 do 30 de Marzo de 2009, aprobada polo Pleno do Concello na sua sesión do 17 de marzo de 2009.

O ALCALDE,

**ORDENANZA NÚM.: 6**

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

**Artigo 1º.- Fundamento e Natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1988 do 13 de xullo de Modificación do Réxime Legal das Taxas e Reordenación das Prestacións Patrimoniais de carácter público, este Concello establece a Taxa pola expedición de Licencia de Apertura de Establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

**Artigo 2º.- Feito Impoñible**

1.-Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais, mercantís e de servizos, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade, medioambientais e calesqueira outras esixidas polas correspondentes normativas sectoriais, Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento.

2.-A realización do feito impoñible terá lugar pola prestación dos servizos técnicos e administrativos que se orixinen pola solicitude do suxeito pasivo ou como consecuencia da actividade inspectora municipal, nos casos nos que se descubra a existencia de actividades que non estean plenamente amparadas pola correspondente licencia.

3.-A tal efecto, estarán suxeitos a esta Taxa:

- A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.
- A ampliación da actividade e/ou superficie de establecementos con licencia de apertura, aínda que continúe o mesmo titular.
- Reforma ou calquera alteración que se leve a cabo no establecemento e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- O cambio de titularidade ou razón social permanecendo invariable a actividade.

4.-Ós efectos desta Taxa entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ó aire libre, este ou non aberto ó público, destinado a calquera uso distinto ó de vivenda, onde habitual ou temporalmente se exerce ou se vaia a exercer calquera actividade empresarial fabril, industrial ou artesán, da construción, comercial ou de servizos, ou complementaria das anteriores, que requira a obtención de licencia municipal para a súa apertura ou funcionamento, en virtude de norma xurídica.

Enténdese por actividade complementaria, aquela que teña relación coa actividade principal de xeito que lle proporcione beneficios ou aproveitamento, aínda que non se dedique ó seu exercicio, así mesmo as delegacións ou sucursais de entidades xurídicas oficinas, despachos ou estudios.

**Artigo 3º.- Suxeito Pasivo**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

2.-Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos devanditos establecementos, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo ou actividade.

**Artigo 4º.- Responsables**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.- Beneficios Fiscais**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango da Lei ou os derivados de Tratados ou Convenios Internacionais, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

**Artigo 6º.- Cota Tributaria**

A cota de tarifa  a que se define no Anexo desta Ordenanza.

**Artigo 7º.- Devengo**

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. A estes efectos entenderase iniciada a actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licencia de apertura, si o suxeito pasivo a formulase expresamente, momento no que deberá efectua-lo ingreso da taxa en calidade de depósito previo.

2.-Cando a apertura tivera lugar sen a obtención previa da licencia, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, sen prexuízo da iniciación dun expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se a mesma non fora autorizable.

3.-A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún modo, pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento.

4.-Ata tanto non recaia acordo ou resolución municipal sobre a concesión da licencia, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente a esta. Neste caso, procederá a devolución da Taxa ingresada segan as seguintes contías:

- O 50%, cando o desestimento ou renuncia se presente despois de que os servizos técnicos do Concello practicarán as pertinentes inspeccións e se emitira o correspondente informe. No caso de Actividades calificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, cando a renuncia ou desestimento se produza antes de solicitar os informes sectoriais preceptivos.
- O 100%, cando o desestimento ou renuncia se presente antes de que por parte do Concello se realizara ningunha actuación conducente ó outorgamento da licencia.

**Artigo 8º.- Xestión**

1.-As persoas interesadas en obter unha licencia de apertura de establecemento, presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividades a desenvolver no local, acompañada da documentación que complete a súa petición, así como do xustificante de abono da taxa.

2.-Si despois de formulada a solicitude de licencia de apertura e practicada a autoliquidación da taxa o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán comunicarse á Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3.-A autoliquidación presentada polo contribuínte, ós efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal, e unha vez ditada a Resolución que se proceda sobre a licencia de apertura, practicaráse, si procede, a liquidación definitiva correspondente, que será notificada ó suxeito pasivo.

**Artigo 9º.- Infraccións e Sancións**

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**Disposición Derrogatoria**

Queda derrogada a Ordenanza reguladora da taxa pola licencia de apertura de establecementos aprobada polo Pleno do Concello o 29 de setembro de 1989.

**Disposición Final**

A presente Ordenanza xunto có Anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2004 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

**MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

***1. CADRO DE TARIFAS***

-Actividades inocuas:

Por comercios, locais, etc. ata 50 m2 ……………………………………….113,10 €

Por comercios, locais, etc. dende 51 m2 ……………………………………141,40 €

-Actividades clasificadas:

Por bares, cafeterías, naves industriais, etc. ata 100 m2 ………………………226,17 €

Por bares, cafeterías, naves industriais, etc dende 100 m2…………………… 339,30 €

-Por traspaso de titularidade nas licencias xa concedidas será o 25% da apertura normal.

**2. DISPOSICION FINAL**

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 2 de Novembro de 2006 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA 30 de Outubro de 2003
PUBLICACION NO B.O.P.núm. 247 do 23 de decembro de 2003.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.

O ALCALDE

**ORDENANZA NÚM.: 7**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA "TAXA POR LICENZAS DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E OCUPACIÓN DE EDIFICIOS"**

**ARTÍGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei Nº 74 — xoves 18 abril 2002 BOLETÍN OFICIAL DE PONTEVEDRA 1 7 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, acordase a imposición e ordenación da "Taxa por licencias de primeira utilización e ocupación de edificios.", que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuias normas atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/88, do 28 de decembro.

**ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constitue o feito impoñible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación , cumpren cós requisitos esixidos pola lexislación vixente e en especial coa vixente Ordenanza reguladora do Outorgamento das Licencias de Primeira Ocupación de Edificios, para ser utilizados e ocupados.

**ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos contribuintes, as personas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo. 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuedores, ou, no seu caso os alugueiros dos inmóbeis nos que se realicen os actos de utilización ou ocupación.

2. En todo caso, terán a condición de sustitutos do contribuinte, os promotores e contratistas das obras dos edificios e os propietarios no caso de edificios alugados.

**ARTIGO 4.—RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE**

Constitúe a base impoñible desta taxa o custe real e efectivo das obras, resúltandolle aplicable os mesmos criterios que á base impoñible do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

**ARTIGO 6.—TIPO DE GRAVAME**

| |
|---|
| Ata 150 M2 habitables, ............................ 0,10% |
| Dende 150 ata 200 M2 habitables,........... 0,20% |
| Máis de 200 M2 habitables,...................... 0,30% |

**ARTIGO 7.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida nos Tratados ou acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

**ARTIGO 8.—DEVENGO**

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal tendente a verificar que os edificios reúnen os requisitos esixidos polo réxime xurídico vixente para que éstos podan ser utilizados e ocupados. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de 1ª ocupación, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando a utilización ou ocupación se iniciara sen ter obtido a oportuna licencia , a Taxa devengarase cando se escomence efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o edificio reúne os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizado ou ocupado, con independencia do escomenzo do expediente sancionador por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en xeito algún pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á corrección dos defectos advertidos, nen pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

**ARTIGO 9.—LIQUIDACIÓN E INGRESO**

Se liquidará e esixirá o importe da Taxa, en calidade de depósito previo, no momento de presentala solicitude de licencia no Rexistro Municipal. A Administración poderá comprobar no prazo de 5 anos o custe real e efectivo das obras, e á vista do resultado da comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.

**ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En tódolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada definitivamente na sesión de 8 de febreiro de 2002 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación

PUBLICACIÓN NO BOP: NÚM. 74 do 18 de Abril de 2002.

O ALCALDE,

**ORDENANZA NÚM.: 8**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuias normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

1.-Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade administrativa desenrolada co gallo de tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou as autoridades municipais.

2.-A estos efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non haia mediado solicitude expresa do interesado.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuio interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS**

1.-Gozarán de exencón aqueles contribuintes en que concurra algunha das seguintes circunstancias:

1º.-Estar inscriptas no padron de Beneficiencia como probes de solemnidade.

2º.-Haber obtido o beneficio judicial de probeza, respecto ós expedientes que deben surtir efecto, precisamente, no procedemento judicial no que foran declarados probes.

2.-Non se admitirá nesta Taxa beneficio tributario algún que non veña establecido en Tratados ou Acordos Internacionais, ou en normas con rango de lei.

**Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA**

1.-A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según naturazas dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2.-A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu incio ata a súa resolución final, incluida a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.-As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas, incrementarase nun 50%, cando os interesados solicitasen con carácter de urgencia a tramitación dos expedientes.

**Artigo 7º.-TARIFA**

A tarifa desta Taxa será a que figure no anexo.

**Artigo 8º.-DEVENGO**

1.-Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuir cande se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxetos ó tributo.

2.-Nos casos a que se refire o número 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

**Artigo 9º.-INGRESO**

1.-A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2.-Os escritos recibidos polos conductos a que se fai referencia no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárselles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuio fin se requerirá ó interesado para que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes có apercibimento de que, decorrido dito prazo sen efectua-lo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.-O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, sustituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuios exemplares unirase ó escrito e outro á copia que se devolva ó interesado.

**Artigo 10º.-INFRACCIÓNS E SANCIONS**

En tódolo relativo á calificación de infraccións tributarias, asi como das sancions que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuia redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 29 de setembro des 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

**MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

**CADRO DE TARIFAS**

a) Por certificación de informes urbanísticos................................................ . 13,60 €uros

b) Por certificación o informes relativos o Catastro...................................... 6,80 €uros

c) Por outras certificacións ou informes ( excepto do empadroamento

e convivencia)........................................................................................ 1,70 €uros

d) Por cada fotocopia ....................................................................................... 0,10 €uros

e) Por cada fotocopia compulsada................................................................ 0,51 €uros

f) Por cada fotocopia de planos en DIN A-2 ................................................ 1,79 €uros

g) Por autorizacións festexos e actos públicos .............................................. 10,20 €uros

h) Solicitude para tomar parte no procedemento de selección do persoal... . 22,65 €uros

i) Por expedición de informes relativos a accidentes de circulación
realizados pola policía local ................................................................ 61,30 €uros

j) Por licencias municipais de segregación e reparcelación:
- En solo Urbano ou urbanizable .......................................................... 92,00 €uros
- En solo rústico ......................................................................................... 30,60 €uros

Non estarán suxeitas a Ordenanza as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a dos terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.

***DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 9 de Novembro de 2007 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.
APROBACION DEFINITIVA: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN no B.O.P. Núm..299 do 27 de Decembro de 1989
MODIFICACION no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
MODIFICACION no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.

MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.

**ORDENANZA NÚM.: 9**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO**

**Artigo 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei Nº 74 — xoves 18 abril 2002 BOLETÍN OFICIAL DE PONTEVEDRA 1 7 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, acordase a imposición e ordenación da "**Taxa por licencias de autotaxis es demais vehículos de alugueiro**", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/88, do 28 de decembro.

**Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE**

1.-Constitúe o feito impoñible desta Taxa a prestación dos sevizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de Marzo, se sinalan a continuación:

a) Concesión e expedición de licenzas.

b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu otorgamento, con arranxo á legislación vixente.

c) Autorización para sustitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.

e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

Están obrigados ó pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria., seguintes:

1.- A persoa ou entidade a cuio favor se otorgue a concesión e expedición da licenza, ou en cuio favor se autorice a transmisión de dita licenza.

2.-O titular da licenza cuio vehículo sexa sustituido ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuios libros-rexistros sexan diligenciados.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.COTA TRIBUTARIA**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 7º.DEVENGO**

1.-Cando se trate da concesión de licenzas nace a obriga de contribuir na data en que este concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a sustitución do vehículo. Nembargantes, poderase considerar que nace a obriga de contribuir no momento de presenta-la correspondente solicitude.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehiculaos e de dilixenciamento de libros-rexistros, a Taxa devengarase no momento en que se encete aquela prestación, entendendo a estos efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

**Artigo 8º.-DECLARACIÓN E INGRESO**

1.-A realización das actividades e a prestación dos servizos suxetos a esta Taxa levarase a cabo da instancia de parte.

2. Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes ó seu pago no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

3.-Nembargantes os concellos poderán esixi-lo ingreso no momento da prestación da solicitude en calidade de depósito previo.

**Artigo 9º.-INFRACCIÓN E SANCIÓNS**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, cuia redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data de 29 de setembro de 1989, entrará en vigor o mesmo dia da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partires do dia 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa publicación ou derrogación expresa.

O ALCALDE,

**MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTO-TAXIS E DEMÁIS VEHICULOS DE ALUGUEIRO**

**CADRO DE TARIFAS**

a) Por cada troco de vehículo ........................................................................ 11,35 €uros

b) Por cada troco de titularidade .................................................................... 80,50€uros

c) Por cada concesión de licencia ................................................................. 246,50 €uros

***DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 9 de Novembro de 2007 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN NO B.O.P. núm.299 do 27 de Decembro de 1989
MODIFICACION no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o28 de novembro de 1996 .
MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
MODIFICACION no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.

**ORDENANZA NÚM. 10**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS**

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a **Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.**

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible desta Taxa a prestación de servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche e liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

-Serán suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vias públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou, de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuinte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficiarios que veñan establecidos nas normas con rango delei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 7º.-PERCEPCIÓN**

A. Cando se trate de servizos non periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir cando se preste a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B. Cando se trate de servizos periódicos:

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir o primeiro dia de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirán a partir dese mesmo momento.

**Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN**

A) Cando se trate de servizos non periódicos

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempres antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realizació da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

-Se se realizase a prestación do servizo ou a actividade sen media solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamentos xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos

-Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta Taxa.

**Artigo 9º.-INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

-Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

**Artigo 10º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN**

-As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicite e demais requisitos que exisa cada concello.

-Unha vez autorizada a prestación do servizo, entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

-Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmoble, os suxeitos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de Outubro de 1998, entrará en vigor o dia 1 de xaneiro de 1999.

**MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA**

**1.CADRO DE TARIFAS**

*1.1 TARIFA POLO SUBMINISTRO DE AUGA*

USOS DOMESTICOS:
- Mínimo, ata 10 m3/mes ........ 0,316 €uros/m3.
- De 10 m3. A 30 m3/mes ........ 0,415 €uros/m3.
- Máis de 30 m3/mes ........ 0,503 €uros/m3.
- Cota de servicio ........ 3,152 €uros/mes

USOS COMERCIAIS:
- Mínimo, ata 15 m3/mes ........ 0,359 €uros/m3.
- Máis de 15 m3./mes ........ 0,556 €uros/m3.
- Cota de servicio ........ 5,430 €uros/mes

USOS INDUSTRIAIS (Industrias, restaurantes, bares e supermercados)
- Mínimo, ata 25 m3/mes ........ 0,359 €uros/m3.
- Máis de 25 m3/mes ........ 0,556 €uros/m3.
- Cota de servicio ........ 5,909 €uros/mes

USO DE OBRAS:
- Ata 50 m3. ........ 0,415 €uros/m3.
- Máis de 50 m3. ........ 0,622 €uros/m3.
- Cota de servicio ........ 7,698 €uros/mes

A facturación farase por trimestres, facturándoselle ás vivendas un mínimo de 30 m3.; comerciais, 45 m3.; industriais, 75 m3. e obras, 150 m3.

A partir de 1.200 m3. de consumo anual, poderase facturar mensualmente, sempre que sexa solicitado polo usuario.

Os subministros que non posean contador, facturaráselle un mínimo de 100 m3. para usos domésticos e comerciais e 250 m3. para industrias e obras.

*1.2. TARIFA POLA AUTORIZACION DE CONEXION*

Por cada cota de conexión 34,55 €uros, aboada por unha soa vez.

*1.3. TARIFA DE REENGANCHE POR CORTE DE SUBMINISTRO*

A tarifa de reenganche por corte de subministro fíxase en 39,74 €uros máis IVE.

*2. PREZO DE ACOMETIDAS DE AGUA POTABLE E INSTALACION DE CONTADORES*

2.1 ACOMETIDAS

*Unidades de obra:*

1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable.

M.l. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo.

1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar
1 Arqueta de rexistro de fundición
4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar
Apertura e peche de gavia a unha profundidade máxima de 1,2 m.
Man de obra de realización do montaxe da acometida

Acometidas de 1 a 3 m.

| | Diámetro da acometida | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Reposición | 3/4" | 1" | 1,1/4" | 1,1/2" | 2" |
| Terra | 273,09 | 290,64 | 329,35 | 481,71 | 600,13 |
| Asfalto | 344,43 | 361,98 | 400,67 | 553,06 | 671,46 |
| Formigón | 352,48 | 370,02 | 408,71 | 561,08 | 679,49 |
| Beirarrúa/la | 384,35 | 401,91 | 440,59 | 592,98 | 711,37 |

Acometidas de máis de 3 m. (€/m.

| | Diámetro da acometida | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Reposición | 3/4" | 1" | 1,1/4" | 1,1/2" | 2" |
| Terra | 26,42 | 27,23 | 28,49 | 30,41 | 33,50 |
| Asfalto | 50,19 | 51,02 | 52,27 | 54,19 | 57,27 |
| Formigón | 52,86 | 53,70 | 54,96 | 56,87 | 59,96 |
| Beirarrúa/la | 63,49 | 64,33 | 65,57 | 67,49 | 70,48 |

2.2.- INSTALACIÓN DE CONTADORES:

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o peticionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

| MATERIAL | Importe Contador | Importe Instalación | Importe Total |
|---|---|---|---|
| Ud. contador diam. 13 mm | 45,18 € | 24,02 € | 69,20 € |
| Ud. contador diam. 15 mm. | 51,88 € | 24,43 € | 76,31 € |
| Ud. contador diam. 20 mm. | 63,33 € | 30,25 € | 93,58 € |
| Ud. contador diam. 25 mm. | 108,08 € | 35,78 € | 143,86 € |
| Ud. contador diam. 30 mm. | 175,53 € | 38,52 € | 214,05 € |

Tarifa doutros diámetros de contadores:

| MATERIAL | Importe Contador |
|---|---|
| Ud. contador diam. 40 mm | 272,21 € |
| Ud. contador diam. 50 mm. | 595,65 € |
| Ud. contador diam. 65 mm. | 737,07 € |

Tanto a tarifa polo subministro de auga como os prezos de acometidas e contadores, veránse incrementadas có IVE correspondente.

*3. OUTRAS NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓN*

A xestión e recadación desta Taxa corresponderá:

-- A contemplada no apartado 1.2 ( cota de conexión), ó Concello de Soutomaior.

-- A contempladas no apartado 1.1 (subministro de auga) constitúe a retribución da empresa concesionaria do servicio de abastecemento de auga , e será xestionada e recada pola mesma nas condicións fixadas no prego de condicións , acordo de adxudicación e contrato da concesión.

***4.DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 29 de Setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA 1 de Outubro de 1998
PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.249 do 30 de Decembro de 1998
MODIFICACION publicada no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada o 25 de Novembro de 1999 .
MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 o 9 de decembro de 2005 e núm. 245 23 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 28 de decembro de 2010, aprobado polo Pleno o 5 de Novembro de 2010.
MODIFICACIÓN no B.O.P. núm. 227, do 25 de novembro de 2011, aprobada polo Pleno o 29 de setembro de 2011.

**ORDENANZA NÚM. 11**

## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ALCANTARILLADO

***Artigo 1.- Fundamento e natureza.***

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola prestación do servizo de alcantarillado, á que se refire o apartado letra r) do número 4 do artigo 20 da citada Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

***Artigo 2.- Feito impoñible.***

Constitúe o feito impoñible desta Taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan ás condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de alcantarillado municipal

a) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de alcantarillado municipal,

b) Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas declaradas ruinosas, ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do alcantarillado

***Artigo 3.- Suxeito pasivo.***

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

2. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estos efectos como tales nos artigos 38 ó 40 da vixente Lei Xeral Tributaria.

***Artigo 4.- Cota tributaria.***

A cuota tributaria desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

***Artigo 5.- Exencións e bonificacións.***

Estarán exentos do pagamento desta tarifa:

a) O Concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal.

b) As que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

***Artigoo 6.- Devengo.***

1. A taxa devengase cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible, prorrateándose por trimestres naturais, e incluiendose o contribuínte no Padrón correspondente.

2. Entendése iniciada a actividade municipal:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, si o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de alcantarillado municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia

de que obtivera ou non a licencia de acometida e sen perxuizo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

3. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para toda-las fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengaráse a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

***Artigo 7.- Liquidación e ingreso.***

1.- Cando se presente a solicitude de licencia de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2.- Sí se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuicio da apertura do correpondente expediente sancionador por infracción tributaria .

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodarase ó procedemento previsto para os valores recibo ( padrón, censo etc.).

***Artigo 8.- Infraccións e sancións***

Nesta materia estarase o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de Outubro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004.

**MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ALCANTARILLADO**

**1.- Tarifa**

a) Por dereitos de acometida á rede (esixirase por unha soa vez):

- Por vivenda unifamiliar……………………………..………………………….... 419,36 €
- En edificios colectivos, cada vivenda ou local …….. …………………… ….….209,70 €
- En establecementos industriais,comerciais e outros .. ……………………………419,36 €

b) Por prestación do servizo de alcantarillado

- Por vivenda ……………………………………………………..… 5,24 €/trimestrais
- Por establecementos industriais, hoteleiros, cafetarias, bares, bodegas, estacións de servizo e similares ………………………………………………………16,01 €/trimestrais
- Por outros establecementos comerciais e pequenas industrias artesanais 6,99 €/trimestrais

***2.DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 29 de setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA 30 de Outubro de 2003

PUBLICACION NO B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
MODIFICACION no B.O.P. núm 227 do 25 de novembro de 2011, aprobada polo Pleno de 29 de setembro de 2011.

**ORDENANZA NÚM: 12**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO**

**Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece **a Taxa pola recollida do lixo**, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuias normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

1.- Constitúe o feito impoñible desta Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida domiciliaria do lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.-A tal efecto, considerarase basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúese de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humans, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuia recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas higiénicas, profilácticas ou de seguridade.

**Artigo 3º.-SUXETO PASIVO**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas, nas que se preste o servicio, xa sea a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso precario.

2.-Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais , que poderá repercutir, no seu caso, as cotas sobre os usuarios daquelas, beneficiario do servizo.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostso e có alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS**

Soamente se admitirán nesta Taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de lei, e as seguintes exencións:

- Os xubilados, pensionistas e demais persoas que non convivan a expensas doutro, gozarán desta taxa cando os ingresos da unidade familiar por tódolos conceptos, sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional.

Esta exención concederase polo Concello á petición do interesado, acompañado dos seguintes documentos:

-D.N.I.

-Certificado de ingresos de tódolos membros da unidade familiar ( fotocopia compulsada da Declaración da Renda, nómina, certificado de pensións, ect…)

-Ademais de documentación que sexa requerida para o informe social.

Tódolos expedientes de exencións serán tramitados polo Departamento de Servicios Sociais e resoltos pola Comisión de Goberno. No caso de que a resolución sexa favorable, o interesado queda excluído do pago da taxa da recollida do lixo durante o ejercicio económico no que cursa a solicitude, podendo ser prorrateada dita exención en vindeiros anos, se a situación económica familiar non trocara, o que deberá acreditar o interesado documentalmente mediante declaración xurada.

**Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 7º.- DEVENGO**

1.-Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren vivendas ou locales empregados polos contribuintes suxeitos á taxa

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro dia período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito impoñible.

**Artigo 8º.-DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN**

1.-A taxa liquidarase cando se presente a solicitude alta no padrón correspondente.

2.-Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen perxuizo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.-Unha vez producida a alta no correspondente padrón, a liquidación da Taxa acomodarase ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, ect…)

**Artigo 9º.-INGRESO**

1.-As cotas desta Taxa liquidaranse e exisiranse no momento de presenta-la correspondente solicitude nos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.

2.-Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndolle o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.X. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.

3.-O ingreso efectuarase na Depositaría Municipal ou no lugar que determiñe o Alcalde-Presidente ou Comisión de Goberno.

**Artigo 10.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En tódolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**PRIMEIRA.-<u>DECLARACIÓN DE ALTA</u>**

Os suxeitos pasivos sustitutos do contribuinte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo intre de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

**SEGUNDA.- <u>DECLARACIÓN DE BAIXA</u>**

Os suxeitos pasivos sustitutos do contribuinte formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón de Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

O ALCALDE,

**<u>MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DOMICILIARIA DO LIXO</u>**

**<u>1.CADRO DE TARIFAS</u>**

a) Vivendas de carácter familiar, con servizo de recollida diario ............................. 46,27 €
Vivendas de carácter familiar, con servizo de recollida alterno ........................... 31,30 €

b) Supermercados, con servizo de recollida diario (Ata 200 m2) ............................. 243,65 €
Supermercados, con servizo de recollida diaria (De máis de 200 m2).................. 365,34 €
Supermercados, con servizo de recollida alterno (Ata 200 m2.)............................ 162,49 €
Supermercados, con servizo de recollida alterno (De máis de 200 m2.) … 243,65 €

c) Restaurantes, con servizo de recollida diaria (Ata 100 m2.) ................................. 178,66 €
Restaurantes, con servizo de recollida diaria (De 101 a 250 m2.) ......................... 243,65 €
Restaurantes, con servizo de recollida diaria (De máis de 251 m2.)...................... 365,34 €
Restaurantes, con servizo de recollida alterno (Ata 100 m2.) ............................... 113,62 €
Restaurantes, con servizo de recollida alterno (De 101 a 250 m2.) ....................... 170,44 €
Restaurantes, con servizo de recollida alterno (De máis de 251 m2.).................... 255,75 €

d) Naves e almacéns, con servizo de recollida diario ................................................ 194,90 €
Naves e almacéns, con servizo de recollida alterno .............................................. 142,11 €

e) Cafeterías, bares, farmacias, droguerías, ferreterías, librerías, froiterías, tendas de venda de móbeis, e establecementos de carácter familiar, con servizo de recollida diario ... 134,00 €
Idem, con servizo de recollida alterno ................................................................... 97,45 €

f)Pequenos comercios (Reloxerías, perruquerías, carpinterías, despachos profesionais, videoclubes e semellantes), con servizo de recollida diario ....................................... 80,33 €
Idem, con servizo de recollida alterno ....................................................................... 56,87 €

g) Entidades Bancarias ................................................................................................ 194,90 €

h) Hoteis, hostais e similares. Por cada habitación .................................................... 2,70 €
Cota mínima ............................................................................................................ 134,00 €

***2.DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 29 de Setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN NO B.O.P. NÚM.299 do 27 de Decembro de 1989
MODIFICACION no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
MODIFICACION publicada no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada o 25 de Novembro de 1999.
MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
MODIFICACION no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 227 do 25 de novembro de 2011, aprobado polo Pleno de 29 de setembro de 2011.

**ORDENANZA NÚM.: 13**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRASLADO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS.**

**Artígo 1.- Concepto e Feito impoñible**

De conformidade có preceptuado no artigo 20.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, e no artigo 4.3 da Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos, establece a Taxa polo tratamento, transporte e eliminación dos Residuos Sólidos Urbáns xerados polo servizo de Recollida Domiciliaria do lixo. Tal e como establece a Lei 10/1998, de Residuos, entendese por Residuo Urbano os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, asemade todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades.

**Artigo 2º.- Suxeitos Pasivos**

1.- Son Suxeitos Pasivos da Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo.
2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios.

**Artigo 3º .- Devengo**
1.- A Taxa devengaráse cando se inicie a prestación do servizo prorrateándose por trimestres naturais, incluíndose ó contribuinte no Padrón correspondente.
2.- Unha vez incluido no padrón correspondente o devengo produciráse o un de xaneiro de cada ano, e o periodo impositivo comprenderá o ano natural, salvo no caso de cese da prestación do servizo, en cuio caso o importe da cota se prorrateará por trimestres naturais.

**Artigo 4.- Cota Tributaria**
A contía da Taxa é a que se define no Anexo desta Ordenanza

Artigo **5.-Normas de Xestión**
1.- A inclusión no correspondente Padrón poderáse realizar por calquera das seguintes circunstancias:a instancia do suxeito pasivo, por alta no servizo de Recollida Domiciliaria do lixo, pola obtención de Cédula de Habitabilidade ou calquera outro documento administrativo que confirme a habitabilidade do inmoble suxeito.
2.- Para o caso de transmisións dos inmobles suxeitos a presente Taxa e incorporados no Padrón, deberán ser declaradas polos suxeitos pasivos implicados, no prazo dun mes, dende a data da transmisión, e terán efectos a partir do período impositivo seguinte.
3.- As infraccións o establecido, calificaranse e sancionaranse dacordo có establecido na Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 6.-Exencións**

Os xubilados, pensionistas e demais persoas que non convivan a expensas doutro gozarán da exención desta taxa cando os ingresos da unidade familiar por todos os conceptos sexan inferiores o salario mínimo interprofesional.
Esta exención será concedida polo Concello a petición do interesado, acompañado dos seguintes documentos:

- D.N.I.
- Certificados de ingresos de todos os membros da unidade familiar (fotocopia compulsada da declaración de Renda, nómina, certificados de pensións, etc.).
- Informe de convivencia.

Ademáis documentación que sexa requirida para o informe social.

Todos os expediente de exencións serán tramitados polo Departamento de Servizos Sociais e resoltos pola Comisión de Goberno. No caso de que a resolución sexa favorable, o interesado queda excluído do pago da taxa da recollida do lixo durante o exercicio económico no que cursa a solicitude, podendo ser prorrogada dita exención en vindeiros anos, se a situación económica familiar non trocara o que deberá acreditar o interesado documentalmente mediante declaración xurada.

**Disposición Transitoria**
Por tratarse dun servizo que se presta por primeira vez e estar directamente relacionado có servizo de Recollida Domiciliaria do Lixo formarase o primeiro Padrón da Taxa cós datos do último padrón aprobado da Taxa polo Servizo de Recollida Domiciliaria do Lixo e o devengo da mesma producirase no momento do inicio do servizo ou aprobación definitiva da presente ordenanza si ésta se producise posteriormente o inicio da prestación do servizo.

**Disposición final**
A presente Ordenanza Fiscal, foi inicialmente aprobada polo Excmo. Concello de Soutomaior na súa sesión de 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor una vez publicada definitivamente segundo o establecido na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e permanecerá vixente mestres non se acorde a súa modificación ou derrogación.

**MODIFICACION DO ANEXO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRASLADO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS.**

| | | |
|---|---|---|
| a) | Vivendas de carácter familiar ................................................ | 34,17 €uros |
| b) | Supermercados de ata 200 m2 ................................................ | 110,26€uros |
| | Supermercados de máis de 200 m2................................................ | 165,31 €uros |
| c) | Restaurantes de ata 100 m2................................................ | 130,03 €uros |
| | Restaurantes de 101 a 250 m2................................................ | 177,89 €uros |
| | Restaurantes, de máis de 251 m2................................................ | 266,89 €uros |
| d) | Naves e almacéns ................................................ | 116,55 €uros |
| e) | Cafeterías, bares, farmacias, droguerías, ferreterías, librerías, froiterías, tendas de venda de móbeis, e establecementos de carácter familiar.................... | 110,75 €uros |

f) Pequenos comercios (Reloxerías, perruquerías, carpinterías, despachos profesionais, videoclubes e semellantes) .................................................................. 48,86 €uros

g) Entidades Bancarias ............................................................................................ 116,55 €uros

h) Hoteis, hostais e similares por cada habitación .................................................. 2,68 €uros
Cota mínima para este suposto............................................................................. 116,55 €uros

**2.DISPOSICION FINAL**

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 29 de Setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA 30 de Outubro de 2003
PUBLICACION NO B.O.P.núm. 247 do 23 de decembro de 2003.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 227 de 25 de novembro de 2011, aprobado polo Pleno de 29 de setembro de 2011.

**ORDENANZA NÚM: 14**

# ORDENANZA REGULADORA DA TAXA CEMITERIO MUNICIPAL

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, reguladora pola presente Ordenanza fiscal, cuias normas atenden ó prevenido no artigo 58 de dita Lei 39/1988.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible desta Taxa a prestación dos servizos de Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espacios para soterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineracións, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos, e calesquera outros, que de conformidade có previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen á instancia de parte.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo, e no seu caso, os titulares da autorización concedida.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-EXENCIÓNS SUBXETIVAS**

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

a) Os soterramentos dos asilados procedentes de Beneficiencia, sempre que a conducción se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que se sexa costeada pola familia dos falecidos.

b) Os soterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

c) As inhumacións que ordee a autoridade judicial e que se efectúen na fosa común.

**Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 7º.-DEVENGO**

Devengase a Taxa e nace a obriga de contribuir cande se inicie a prestación dos servizos suxetos a gravamen, enténdendose, a estos efectos, que dita iniciación se produzca coa solicitude daqueles.

**Artigo 8.º.-DECLARACIÓN LIQUIDACIÓN E INGRESO**

1.-Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada de nomeamento do contratista responsable e visada, e informe do Concelleiro-Delegado de Policía Urbana e Rural.

2.-Cada servizo será obxeto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que se haxa prestado dito servizo, para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

**Artigo 9.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En tódolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en todo caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, tuia redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data de 29 de setembro de 1989, entrará en vigor o mesmo dia 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa

O ALCALDE,

**MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO CEMITERIO MUNICIPAL**

**CADRO DE TARIFAS**

a) Concesión a perpetuidade de nichos prefabricados de formigón, no camposanto novo de Arcade ..................................................................... 308,40 €uros/ud.

b) Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de capelas no camposanto novo de Arcade ..................................................................... 179,57 €uros/m2.

c) Concesión e perpetuidade de terreo para a construción de capelas no camposanto vello de Arcade e Soutomaior .............................................. 105,47 €uros/m2.

d) Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de nichos no camposanto novo de Arcade..................................................................... 117,22 €uros/m2.

e) Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de nichos no camposanto vello de Arcade e Soutomaior .............................................. 70.20 €uros/m2.

f) Por cada licencia de inhumación de cadáveres ou restos cadavéricos...... 96,30 €uros

g) Por cada licencia de inhumación de cadáveres ou restos cadavérico ....... 160,50 €uros

h) Por cada licencia de construción de capela .............................................. 23,45 €uros/m2.

i) Por cada licencia de construción de nicho ............................................... 8,30 €uros/m2.

***DISPOSICION FINAL***

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 9 de Novembro de 2007 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN NO B.O.P. Núm. 299 do 27 de Decembro de 1989
MODIFICACION no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997. E aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada polo Pleno o 25 de Novembro de 1999.
MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
MODIFICACION no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001. E aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002. E aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
MODIFICACIÓN no B.O.P. Núm. 145 do 30 de xullo de 2009, aprobada polo Pleno o 28 de maio de 2009.

**ORDENANZA NÚM. : 15**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

**Artigo 1º.-Natureza e fundamento**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo de 2/2004 do 5 de marzo, se acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización do pavillón deportivo municipal e outras instalacións deportivas.

**Artigo 2º.-Feito impoñible**

Constitúe o feito impoñible da Taxa a utilización do pavillón municipal e demais instalacións deportivas así como a prestación dos servizos especificados no cadro de tarifas .

**Artigo 3º.-Suxeitos pasivos**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Le xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

**Artigo 4º.-Responsables**

-Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**Artigo 6º.- Beneficios fiscais**

En xeral só de admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

En particular estarán exentos desta taxa:

-Actividades organizadas polos colexios públicos en horario lectivo.
-A celebración de campionatos escolares.
-A celebración de actividades deportivas ou non, de carácter benéfico.
-A celebración de actividades organizadas polo concello.

**Artigo 7º.-Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

**Artigo 8.-Liquidación**

-Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade

-Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poia cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

-Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9º.-Ingreso**

O pagamento desta taxa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal.

O ALCALDE,

**MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLON MUNICIPAL DE DEPORTES E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

**CADRO DE TARIFAS**

**1.- USO DAS INSTALACIONS MUNICIPAIS DO PAVILLON MUNICIPAL**

| Entidades | Hora Diúrna | Hora Nocturna |
|---|---|---|
| Equipos Federados do Concello | 0,00 € | 0,00 € |
| Asociacións Deportivas do Concello | 3,90€ | 7,82€ |
| Equipos non federados do Concello | 7,82€ | 15,55 € |
| Categorías base | 0,00 € | 3,90 € |

| | |
|---|---|
| Maratóns deportivos, por día | 186,82 € |
| Actos, exposicións e actividades alleas o deporte, por día e acto | 93,46 € |

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o dia primeiro de cada ano natural.

**Artigo 8.-LIQUIDACIÓN**

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso, antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribucilón periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padron anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilizaión do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstons no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9º.-INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financieras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento sinalado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras sinaladas no edicto de exposición pública no padrón.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN**

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

-Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o dia 1 de xaneiro de 1999.

O ALCALDE,

MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

## *1.CADRO DE TARIFAS*

| CONCEPTOS ...................... | UD. | DIA | MES | ANO |
|---|---|---|---|---|
| A.- VALADOS: | | | | |
| 1.- Na vía pública ................. | m.l. | 0,15 €uros | 2,70 €uros | 27,15 €uros |
| 2.- Outros terreos uso público | m.l. | 0,08 €uros | 1,50 €uros | 14,15 €uros |
| | | | | |
| B.- ANDAMIOS | | | | |
| 1.- Na vía pública.................. | m.l. | 0,15 €uros | 2,70 €uros | 27,15 €uros |
| 2.- Outros terreos uso público | m.l. | 0,08 €uros | 1,50 €uros | 14,15 €uros |
| | | | | |
| C.- POSTES, MADEIRAS, LEÑAS E OUTRAS MERCANCIAS: | | | | |
| 1.- Na vía pública.................. | m/2. | 0,47 €uros | 11,60 €uros | 115,80 €uros |
| 2.- Outros terreos uso ........... | m/2. | 0,20 €uros | 4,00 €uros | 40,80€uros |
| | | | | |
| D.- INSTRUMENTOS DE ALBAÑILERIA: | | | | |
| 1.- Na vía pública ................. | m/2. | 0,47 €uros | 11,60 €uros | 115,80 €uros |
| 2.- Outros terreos uso público | m/2. | 0,20 €uros | 4,00 €uros | 40,80 €uros |
| | | | | |
| E.- MATERIAIS DE CONSTRUCCION E ESCOMBROS: | | | | |
| 1.- Na vía pública.................. | m/2. | 0,47 €uros | 11,60 €uros | 115,80 €uros |
| 2.- Outros terreos uso público | m/2. | 0,20 €uros | 4,00€uros | 40,80 €uros |

## *2.DISPOSICION FINAL*

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 2 de Novembro de 2006 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.

APROBACION DEFINITIVA 1 de Outubro de 1998

PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.249 do 30 de Decembro de 1998

MODIFICACION no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.

MODIFICACION no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.

MODIFICACION no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.

MODIFICACION no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003

MODIFICACION no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.

MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.

MODIFICACION no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.

MODIFICACION no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.

**ORDENANZA NÚM: 22**

**ORDENANZA REGULADORA POR TAXA POR TENDIDOS, TUBERIA E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXIA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS , BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE AS VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.**

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga , gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables palomillas, caixas de amarre, de distribución ou rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobres os mesmos.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitue o feito impoñible desta taxa a utilización ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

**Artigo3º.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, ou aproveiten especiamente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito impoñible.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**Artigo 6.-BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 7.-PERCEPCIÓN**

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o dia primeiro de cada ano natural.

**Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN**

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso, antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos periódos que se sinalen na tarifa desta taxa ou na liquidación única anual.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización , liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9º.-INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior o inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

**Artigo 10º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Artigo 11.-NORMAS DE XESTIÓN**

-As persoas ou entidades interesadas na concesión na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamento sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presenar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento, e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesadas poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

-Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo , no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor o dia 1 de xaneiro de 1999.

O ALCALDE,

**MODIFICACION DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERIAS E GALERIAS PARA AS CONDUCIONS DE ENERXIA ELECTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUIDO INCLUIDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCION OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES,RAIS, BASCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMATICA E OUTROS ANALOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VIAS PUBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PUBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS".**

**PRIMEIRO. TARIFA:**

As empresas explotadoras de servicios de suministros (tanto si son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os subministros como se non sendo titulares de ditas redes ou son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas)
que resulten de interés xeral o afecten a unha parte importante ou á xeneralidade da veciñanza, polo conxunto dos distintos elementos das súas redes de distribución pagarán:

- * 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.

A estos efectos incluirasen entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

**DISPOSICION FINAL**

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2004 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derrogación expresa.
APROBACION DEFINITIVA: 1 de Outubro de 1998.
PUBLICACION NO B.O.P. Núm. 249 do 30 de Decembro de 1998.
APROBACIÓN DEFINITIVA 30 de Outubro de 2003.
PUBLICACIÓN NO B.O.P. Núm. 247 do 23 de Decembro de 2003

**ORDENANZA NÚM:23**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS.**

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

-Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxetos pasivos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedade e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 7º.-PERCEPCIÓN**

Percíbese da taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude de prestaci`´on do servizo ou actividade.

**Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN**

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

-Cando se trate de servizos de duración superior ó período que se estableza nas tarifas desta taxa, liquidarase a taxa con anterioridade o inicio de cada período natural que se determina na tarifa.

-Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9º.-INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

**Artigo 10º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**.

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de Decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de Xaneiro de 1999.

**<u>ANEXO</u>**

**Primeiro. Tarifa**

Pola colocación ocasional de instalación de anuncios en bens deste Concello.

Por cada m2 . ou fracción , por día…………………………………………… 0,15 €

**Segundo. Outras normas especiais de xestión.**

**Terceiro. Data de aprobación**

A presente ordenanza, xunto có Anexo, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Outubro de 1998.

O ALCALDE,

**ORDENANZA NÚM: 24**

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL**

**Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

**Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitue o feito impoñible desta Taxa a ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

**Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

**Artigo 4º.-RESPONSABLES**

-Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 7º.-PERCEPCIÓN**

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir:

-Nos servizos de retribución puntual, cando se presente a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural

.

**Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN**

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9º.-INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesoureria municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

**Artigo 10º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN**

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión da licenza do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

-Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa do interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o dia 1 de xaneiro de 1999.

**ANEXO**

**Primeiro.- Tarifa**

| LICENZAS OU PERMISOS | IMPORTE DOS DEREITOS |
|---|---|

**1º.- TUBERIAS**:

a) Polo subsolo das vías públicas……………………………………………..……...0,06 €/m.1.

**2º**.-Galerías, toma de auga de manantiais e outras
obras de extracción de augas………………………………………………………….0,09 €/m.1.

**Segundo.- Outras normas especiais de xestión.**

**Terceiro.- Data de aprobación.**

A presente ordenanza, xunto co Anexo, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Outubro de 1998.

O ALCALDE,

**ORDENANZA NÚM: 25**

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.**

**Artigo 1º.-OBXETO**

De conformidade có establecido no artigo 117, en relación có artigo 41b), ambos da Lei 39/1988 de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, a Lei 4/1993 do 14 de Abril, de Servizos Sociais, o Decreto 240/1995 de 28 de Xullo pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, establécese o prezo público pola prestación dos servizos correspondentes ó programa de axuda no fogar, consonte ó disposto na Ordenanza reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

Inclúese dentro do Servizo de Axuda no Fogar o Servizo de Teleasistencia domiciliaria.

**Artigo 2º.-OBRIGADOS Ó PAGO**

Os usuarios colaborarán no cofinanciamento do Programa de Axuda no Fogar en función dos ingresos familiares, agás aquelas persoas ou unidades de convivencia cunha renda per cápita inferior ó 50% do Salario Mínimo Interprofesional vixente, que accederán ó programa en condición de gratuidade, ó abeiro do establecido na Orde do 22 de Xullo de 1996, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.

Enténdese por renda per cápita anual a suma dos ingresos que por calquera concepto perciba a unidade familiar, dividido polo número de membros que a integran. Descontaranse os gastos de aluguer da vivenda se os houbese.

Poderán acceder asemade en réxime de gratuidade e de forma excepcional, aqueles casos nos que a prestación do programa se conceda de oficio á proposta do/ a Traballador/a Social do Concello, cando se advirta situación de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar. ( intervención e tratamento familiar ).

As restantes unidades familiares non recollidas nos parágrafos anteriores e que se beneficien do programa, están obrigadas ó pago.

**Artigo 3.-PRECIO-HORA**

O precio da hora da prestación do Servizo de Axuda no Fogar establécese par o ano 2000 en 1639 ptas/hora.

O precio será modificado anualmente e de forma automática, según o Indice de Precios o Consumo publicado polo INE. Tamén poderá modificarse en función das variacións que sufra o coste real do mesmo.

**Artigo 4º.-TARIFAS**

Según a renta per cápita a prestación do Servizo de Axuda no Fogar pode ser gratuíta en de pago porcentual.

**A) GRATUIDADE**

1.-Unidades familiares con renda per cápita anual, incluíndo, no seu caso, as pagas extraordinarias,menor o igual o 50% do SMI.

2.-Familias en situación de alto risco.

**B) PAGOS PORCENTUAIS**

Cando a renda per cápita sexa superior ó 50% do SMI e de acordo coas seguintes porcentajes:

*Unidades de convivencia dun só membro*

50%-75% SMI……………………………………………10% do custo/hora do programa
75%-100% SMI…………………………………………20% do custo/hora do programa
100%-125% SMI……………………………………..30% do custo/hora do programa
125%-150% SMI……………………………………..50% do custo/hora do programa
+ 150% SMI……………………………………………100% do custo/hora do programa

*Unidades de convivencia de dous ou mais membros*

50%-75% SMI…………………………………………..20% do custo/hora do programa
75%-100% SMI…………………………………………30% do custo/hora do programa
100%-125% SMI……………………………………..50% do custo/hora do programa
+ 125% SMI……………………………………………100% do custo/hora do programa

**Artigo 5.-PROCEDEMENTO DE PAGO**

1.-A obriga de pago nace dende que sexa incluída cada persoa no programa de axuda no fogar deste concello.

2.-O pago do servizo efectuarase por meses vencidos mediante domiciliación bancaria que autorizará ó/a beneficiario/a do servizo, por escrito, no momento da súa inclusión no mesmo.

3.-Causarán baixa inmediata aqueles beneficiario/as que teñan unha demora no pagamento dos importes mensuais de dous meses consecutivos ou tres alternos, previo informe dos servizos sociais do concello.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar foi aprobada polo Pleno do concello de data 25 de Novembro de 1999 e entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da provincia, e transcurrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación có 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

O ALCALDE;

**ORDENANZA NÚM 25 BIS**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

## Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao estipulado nos artigos 57, 20 e 24.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## Artigo 2. Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o goce da utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débanse utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3. A taxa regulada nesta Ordenanza é compatible coas contías ou tarifas que, con carácter puntual ou periódico, podan acreditarse como consecuencia da cesión de uso de infraestruturas dedicadas especificamente ou habilitadas polo Concello para aloxar redes de servizos.

**Artigo 3. Suxeitos pasivos e responsables**

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, a que se refire o artigo anterior.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales efectúanse as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

4. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

5. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 4. Responsabilidades do suxeito pasivo**

1. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2. Se os danos foran irreparables, os suxeitos pasivos indemnizarán ó Concello en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3. O Concello non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros ós que se refiren os apartados anteriores.

**Artigo 5. Base impoñible e cota tributaria**

- Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base impoñible (BI):

A base impoñible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf * Nt + (0,95(NH) * Cmm)$$

sendo:

- Cmf = Consumo telefónico medio estimado, por unidade urbana, corrixido polo coeficiente atribuído á participación da telefonía móbil. Será resultado de dividir la facturación por telefonía móbil dirixida á rede nacional entre o número de liñas de telefonía fixa, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

- Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio.

- 0,95 = Coeficiente redutor estimativo que recollería a penetración da telefonía móbil entre a poboación empadroada no termo municipal de Soutomaior.

- NH = Número de habitantes empadroados no Municipio de Soutomaior a 31 de decembro do exercicio correspondente. Para o cálculo da liquidación provisional a que se refire o artigo 8º da presente Ordenanza se considerará o número de habitantes empadroados no municipio de Soutomaior a 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior.

d) Cmm = Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil. Será resultado de dividir os ingresos totais por telefonía móbil entre o número de teléfonos móbiles, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

e)

b) Cota básica (QB):

A cota básica global determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impoñible:

QB = 1,5% s/ BI

A cota tributaria por operador determínase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un á cota básica global:

$$Cota\ tributaria/operador = CE * QB$$

sendo:

- CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, en función das liñas contratadas, relativo ó ano en curso, publicada por la CMT. Para o cálculo da liquidación provisional, a conta da definitiva, a que se refire o artigo 8º da presente ordenanza, se tomará a cota de mercado detallada no informe da citada Comisión relativo ó exercicio inmediatamente anterior.

**Artigo 6. Periodo impositivo e devengo da taxa**

O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.

b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

**Artigo 7. Devengo**

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos intres seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no intre de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o goce do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

2. Cando os aproveitamentos especiais do chan, subsolo ou voo das vías públicas prolónganse durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

**Artigo 8. Réxime de declaración e de ingreso**

1. A liquidación anual provisional, a conta da definitiva, se practicará no segundo semestre de cada exercicio.

2. Unha vez que se publiquen pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións os parámetros relativos ó exercicio liquidado con carácter provisional, necesarios para determinar a cota tributaria de cada operador, a que se refire o artigo 6º e se teña coñecemento da poboación empadroada a 31 de decembro do dito exercicio, se practicará a liquidación definitiva.

3. A cantidade que deba ingresarse, no seu caso será a diferenza entre a liquidación definitiva e o ingreso a conta efectuado en relación co mesmo exercicio. Se resultara un saldo negativo, o exceso satisfeito ó Concello deberá

compensarse na primeira liquidación provisional a conta ou nas sucesivas, salvo cesamento na actividade, que se procederá á devolución do exceso ingresado.

4. No caso de inicio da actividade, a cota a liquidar se practicará, de forma definitiva, unha vez que se publiquen pola CMT os parámetros relativos ó exercicio do inicio da actividade e se teña coñecemento da poboación empadroada a 31 de decembro do citado exercicio, necesarios para determinar a cota tributaria de cada operador a que se refire o artigo 5º da presente Ordenanza.

**Artigo 9. Infracción e sancións**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.